ACTIVIDADE 1

De feito, unha nova pantasma percorre ol mundo da cultura dominante, a *nosa pertenenza á animalidade*. Mediante esta nova antropoloxía trátase de poñer de manifesto o feito de que no teríamos asumido todas as implicacións que conleva a nosa comunidade de condición de animales. Significa tamén asumir o feito de que o home carece de toda centralidade na orde natural. Así, os rasgos aos que atribuimos a súa preeminencia no seo da animalidade, ou ben non terían maior significación que os que especifican, por diferenciación, a outros animais (o orangután, o gorila, por exemplo), ou ben serían tan só unha máis sofisticada expresión de algo que se da tamén en outros animais e que éstes poderían chegar a desenvolver. O descubrimento da *homoloxía xenética* entre humanos e primates como o chimpancé (reforzada polo mapa do xenoma humano), xoga, sen dúbida, un papel central, pero dende logo no exclusivo. Así, os chimpancés participarían desa modalidade de autorrecoñecemento especular que baio a expresión "estadio do espello", psicólogos, psiquiatras, psicoanalistas e pedagogos terían considerado como exclusivos do ser humano. Atoparíamos así que tales simios terían, non só unha forma de expresar as súas emocións, senón, ademáis, de chegar a facelo de forma moito máis sofisticada. Desde esta perspectiva científica, o recurso á distinción natureza/cultura, como criterio sustentador da barreira diferencial, foi posto en radical tea de xuízo. Introducindo un concepto suficientemente amplo de cultura, conséguese establecer que os animais están determinados por realidades culturais. E, en consecuencia, négaselle a lexitimidade á crenza de que o home –e só o home- tería superado a fronteira que separa o animal do cultural.

LÓPEZ MOLINA, Antonio M*, Aquela natuleza que se define como linguaxe e dignidade*

1. Defende o autor do texto unha interpretación naturista do ser humano? Xustifica a túa resposta.
2. Cales son as consecuencias d o cuestionamento da distinción natureza-cultura?

ACTIVIDADE 2

Que implica a dignidade humana? En primeiro lugar a inviolabilidade de cada persoa, o recoñecemento de que non pode ser utilizada ou sacrificada polos demáis como un mero instrumento para a realización de fins xerais. Por iso non hai dereitos "humanos" colectivos, polo mesmo que non hai seres "humanos" colectivos: a persoa humana non pode darse fora da sociedade pero non se esgota no servizo a ela. Daquí a segunda característica da súa dignidade, o recoñecemento da autonomía de cadaquén para trazar os seus propios plans de vida e os seus propios baremos de excelencia sen outro límite que o dereito semellante de outros á mesma autonomía

SAVATER, F; *As preguntas da vida*

1. Que implica, segundo o texto, a dignidade humana?
2. Quenes son os titulares dos dereitos humanos?
3. Que relación se pode establecer entre "dignidade" e "autonomía"

ACTIVIDADE 3

Non se trata, pois, de manter as diversas culturas coma se foran especies biológicas e houbera que defender a "biodiversidade". Trátase máis ben de tomar conciencia de que ningunha cultura ten solucións para todos os problemas vitais e de que pode aprender de outras, tanto solucións das que carece, como a comprenderse a sí mesma. Neste sentido, unha *ética intercultural* non se contenta con asimilar as culturas relegadas á triunfante, nin sequera coa mera coexistencia das culturas, de forma que respecten as súas diferenzas e vaian dilucidando conxuntamente que consideran irrenunciable para construír dende todas elas unha convivencia máis xusta e feliz. Habida conta, por outra parte, de que a comprensión de outros se logra a través da convivencia e o diálogo é indispensable para o diálogo.

CORTINA, A., *Cidadáns do mundo*

1. Cal é a finalidade dunha ética intercultural

2. Lembra o estudado en unidades anteriores e explica dende que posición se pode considerar que unha cultura ten solucións para todos os problemas vitais, e cal é a postura que permite a mera coexistencia de culturas
3. En que consiste o proxecto intercultural? Cres que é posible unha ética intercultural? Cales son os postulados básicos que constitúen a posibilidade efectiva do diálogo intercultural?

SOLUCIONARIO

ACTIVIDADE 1

- **Defende o autor do texto unha interpretación naturista do ser humano? Xustifica a túa resposta.**

Non; máis ben parece opoñerse a ela. Podemos entender como consecuencia da postura naturista esa "nova pantasma percorre ol mundo da cultura dominante, a *nosa pertenenza á animalidade*". A nova antropología que denuncia é resultado da interpretación naturista.

- **Cales son as consecuencias do cuestionamento da distinción natureza-cultura?**

A interpretación naturista acaba cuestionando a distinción natureza-cultura, de modo que a noción de cultura resultante é o suficientemente ampla como para abarcar conductas animais que dende outra perspectiva parecían expresión da natureza. Deste modo se establece que o home non é o único animail que está determinado por realidades culturais. Négaselle así a lexitimidade á crenza de que o home –e só o home- tería superado a fronteira que separa o animal do cultural.

- **Nega o autor a nosa condición de animais?**

Non, pero preocúpanlle as consecuencias de que se intente diluír calquera "barreira diferencial" entre os humanos e o resto dos animais.

ACTIVIDADE 2

1. Que implica, segundo o texto, a dignidade humana?

A inviolabilidade de cada persoa, o recoñecemento de que non pode ser utilizada ou sacrificada polos demáis como un mero instrumento para a realización de fins xerais

2. Quenes son os titulares dos dereitos humanos?

Todos e cada un dos seres humanos. Todos e cada un dos individuosda especie humana, que son os que están dotados de dignidade

3. Que relación se pode establecer entre "dignidade" e "autonomía"

O recoñecemento da dignidade humana, é decir, a consideración do ser humano como un fin, que impide a súa utilización como un medio, está baseada nunha certa concepción da natureza humana que inclúe manifestacións de racionalidade e liberdade, que fan do ser humano un proxecto de autorrealización: o ser humano, no exercizo da liberdade, pode tomar decisións que lle permiten modelar a súa vida (autonomía). É precisamente este proxecto de autorrealización o que sería obxecto de respecto e razón da dignidade.

ACTIVIDADE 3

1. Cal é a finalidade dunha ética intercultural

A finalidade é a convivencia na diversidade , partindo da contribución das diversas culturas.

2. Lembra o estudado en unidades anteriores e explica dende que posición se pode considerar que unha cultura ten solucións para todos os problemas vitais, e cal é a postura que permite a mera coexistencia de culturas

Tendo en conta que cando alguén considera que unha cultura ten solucións para todos os problemas vitais, o máis seguro é que estea a pensar n apropia cultura, a posición de partida sería o etnocentrismo. A segunda postura é posible dende o relativismo.

3. **En que consiste o proxecto intercultural? Cres que é posible unha ética intercultural? Cales son os postulados básicos que constitúen a posibilidade efectiva do diálogo intercultural?**

O proxecto intercultural consiste en lograr unha relación de harmonía, de intercambio positivo e convivencia social entre culturas.

É posible porque as culturas non son impermeables entre si e sempre é posible atopar algún punto no que son comparables con respecto ás atitudes ou as decisións de condutas.

Os postulados básicos que constitúen a posibilidade efectiva do diálogo intercultural, que derivan do recoñecemento da unidade psíquica da humanidade, son os que fan posible entender as diferentes formas de pensar e de vivir entre sociedades diversas: todos os humanos estamos dotados dunha mente intencional e consciente, todos poseímos un amplo abanico de emocións, podemos compartir con calquera outro ser humano pensamentos e sentimentos e podemos tamén comprender as razóns que guían o comportamento de calquera outro ser humano.